

FEBREIRO

TEATRO PRINCIPAL DE PONTEVEDRA

EDUARDO COUTINHO MENTIRAS VERDADEIRAS

Martes 16 ás 20.15 h

Jogo de cena (2007, 100', V.O.S.E.)

Martes 23 ás 20.15 h

As canções (2011, 90', V.O.S.E.)

<https://www.facebook.com/cineclubepontevedra>
<http://cineclubepontevedra.blogspot.com.es>

EDIFÍCIO MASTER



«Eu son unha mentireira verdadeira»
Alexandra

CONTANDO MENTIRAS VERDADEIRAS (I)

No salón de actos da ECAM, o alumnado de todas as diplomaturas remata de ver Edificio Master (2002), a crónica da presenza dun equipo de cinema nun inmenso edificio de apartamentos en Copacabana. Un catálogo sobre as infindas expresións da soidade que presenta o xeito de facer de Coutinho: a construción dun encontro persoal en fronte do público. Pola pantalla pasaron anciás coleccionistas de retratos, mozas prostitutas, parellas que se odian, músicos sen futuro, vendedores ambulantes... Fixéronlle confidencias ao director ou inventaron as súas vidas. O filme remata cun vello veciño cantando My Way, de Sinatra. Sergio Oskman fala con Coutinho en portugués. Fan bromas mentres procuran o cartel da Aula Magna na sala, que non existe.

[...] **Acabo de escoitar a mellor definición de documental que atopei en anos. Unha das personaxes deste Edificio Master, Alexandra, unha prostituta, di de si mesma: «Eu son unha mentireira verdadeira». É unha definición perfecta do que é un documental, unha mentira verdadeira.** Olla, eu fago unha grande investigación para escoller as personaxes coas que me atopo nos meus filmes. Mais non hai investigación que permita chegar a unha declaración coma esa. Ao contrario do que se pensa ás veces, as personaxes son moito mellores cando hai diante delas un equipo grande e unha cámara inmensa. Entón esa señora convértese nun ser esplendoroso, porque hai unha persoa á súa disposición que escoita e mira.

Hai unha mestura dalgo moi auténtico e ao tempo moi teatral, a cámara cataliza isto. Si, é o efecto cámara. Cando a cámara está aí, nunca se sabe se o que di a outra persoa é verdadeiro ou falso, e non importa, porque ela creo profundamente, porque a memoria é falsa, é unha memoria do presente que se reconstrúe día a día, no presente, con quen está a escoitar. Se mente, non mente para a cámara; mente para ela, está recreando a súa vida. E vémolos na súa mirada, nesa sensación de que as ideas chegan aos seus ollos antes de apareceren as palabras.

Todo iso ocorre porque ti tes tempo, porque lles das tempo ás persoas entrevistadas e porque te concentras nun contorno pechado. É un edificio en Copacabana pero nin sequera vemos a praia ou a rúa... Iso comeceino a facer nun filme titulado *Santo Forte* (1999), que fala da relixiosidade popular. Aí comecei a facer cinema nun só lugar, e aí decateime de que o único que mantén unha persoa viva é ser escoitada e ser lexitimada na súa singularidade. Todas estas persoas que aparecen en *Edificio Master* tiñan que ser rodadas dentro do edificio. Se aparece un gran personaxe fóra de alí, non me interesa.



E o primeiro que vemos son imaxes da cámara de seguridade gravando o equipo de filmación que entra. Claro, porque eu non quero ocultar a cámara nin ocultar quen son. Na favela e no edificio de Copacabana, eu son alguén que vén de fóra. A diferenza entre a persoa que filma e a que é filmada é algo rico e que debe estar no filme. Iso da igualdade é coma unha cuestión cristiá.

É coma se o teu cinema estivese nas antípodas do cinema directo, dun Wiseman por exemplo. Cando coñecín a Wiseman, pregunteille: «Algunha vez pensaches: isto non podo filmalo?». E el dixo: «Non, nunca». E díxennlle: «E non hai momentos nos que queres intervir?». E el dixo outra vez que non. E el di que os seus filmes falan das institucións desde o punto de vista liberal da esquerda, pero a el non lle importa o que ocorre coas persoas despois do filme. Para el as persoas valen cero. E non falemos do «outro», o canalla, o millonario, de Michael Moore... É un populista insoportable, non falemos dese...

[...]